



Don Roberto Alfonso Fernández Lores, Don David Otero Domínguez, Dona Marta Besada Otero, Don Xosé Lois González Álvarez e Don Xosé Ricardo Domínguez Domínguez, **Concelleiros/a da Corporación Municipal e membros do grupo municipal do BNG** no concello de Sanxenxo, no exercicio dos seus cargos, ante este Concello comparecen e **DIN:**

Que, segundo o anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia do 13 de xuño de 2006, vén a suxeitarse a información pública, por periodo de trinta días naturais o expediente a que se refire o artigo 97 do RDL 781/1986, do 18 de abril, relativo ao exercicio de actividades económicas relativas á promoción de vivendas e demais aspectos contidos no obxecto do proxecto de estatutos da sociedade mercantil *Ínsula Sanxenxo, Empresa Municipal de Vivenda e Solo, Sociedade Limitada*; e ao abeiro do citado anuncio, en legais tempo e forma, formulamos as seguintes

### **ALEGACIÓNS:**

**PRIMEIRA.-** O proxecto sometido a información pública ten como obxecto a creación dunha sociedade mercantil denominada ÍNSULA SANXENXO, EMPRESA MUNICIPAL DE VIVENDA E SOLO, SOCIEDADE LIMITADA, coa natureza xurídica da sociedade unipersoal de carácter privado do Organismo Autónomo de natureza administrativa “XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO” dependente do ILMO. CONCELLO DE SANXENXO.

Pois ben, tendo en conta a finalidade da citada entidade mercantil, que sería a de realización de actividades urbanísticas, sempre que sexan de interese público, dentro do termo municipal de Sanxenxo e en beneficio dos seus habitantes, o obxecto social que se contempla nos Estatutos (artigo 2 dos mesmos) ten unha amplitude que excede con moito a mesma. Xa que logo a redacción do obxecto social da entidade mercantil debería cinguirse de xeito máis estrito á súa finalidade, propoñéndose a seguinte redacción para o artigo 2 dos Estatutos:

## **Artigo 2. OBXECTO:**

*Constitúe o obxecto da sociedade, sempre que sexa de interese público, a realización de actividades urbanísticas dentro do termo municipal de Sanxenxo e en beneficio dos seus habitantes as seguintes finalidades:*

- a. Creación de solo urbano residencial, terciario, industrial e de equipamentos e usos que xeren emprego.*
- b. Remodelación ou reforma de zonas urbanas.*
- c. Redacción de plans de ordenación, proxectos de urbanización e de obras e cantos instrumentos e documentos de ordenación e de xestión urbanística estean contemplados na lexislación urbanística, así como a iniciativa para a súa tramitación e aprobación.*
- d. Promoción, construción e rehabilitación de toda clase de bens inmobles, destinados a servizos e usos públicos e a actividades industriais, terciarias e residenciais.*
- e. Xestión e explotación de obras e servizos resultantes da urbanización no caso de obter a concesión ou concluir o convenio correspondente, conforme ás normas aplicábeis en cada caso.*
- f. Investigación, información, asesoramento e colaboración en estudos e actividades técnicas relacionadas cos habitantes e o urbanismo.*
- g. Calquera outra actividade relacionada coas expresadas nos apartados anteriores, incluso a construción, arrendamento e alleamento de vivendas, naves industriais e comerciais. “*

**SEGUNDA.-** Por outra banda, os estatutos na constitución e atribucións do Consello de Administración e do Presidente, non respectan os criterios de proporcionalidade democrática e representativa na súa configuración, ademáis de dotar ao Presidente dunhas atribucións que chegan a deixar baixo mínimos as competencias do Consello de Administración, a fin de evitar todo isto, propónse a seguinte redacción alternativa á Sección Segunda do Título III dos Estatutos:

### **SECCIÓN SEGUNDA.- DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN.-**

#### **Artigo 13.- Consello de Administración:**

*O Consello de Administración estará integrado polo Presidente e un número mínimo de catro e un máximo de seis Vocais, chamados Conselleiros, membros do Concello Pleno. Non poderán ser Conselleiros aquelas persoas que se atopen incursas en causas de incapacidade e incompatibilidade, de acordo co establecido na vixente lexislación de Réxime Local.*

*O presidente será o alcalde e, o resto dos conselleiros serán escollidos de conformidade coa proporcionalidade acadada polos distintos grupos políticos con presenza na corporación municipal, garantindo representación a todos eles.*

#### **Artigo 14.- Duración do mandato:**

*A designación dos membros do Consello, realizarase por períodos de catro anos, se ben cesarán automaticamente os designados como membros do Concello Pleno que perdesen tal condición.*

*En calquera caso, cando algún vocal cese no seu cargo, o designado para substituílo será nomeado pola Xunta Xeral para o período de tempo que ó substituído lle quedase por cumprir.*

*A Xunta Xeral, aínda antes de vencer o prazo, poderá acordar a remoción no cargo de Conselleiro co quórum previsto no artigo 47.2 da Lei 7/85 de 2 de abril.*

#### **Artigo 15.- Organización:**

*A Xunta Xeral designará entre os Conselleiros/as un Vicepresidente.*

*O Consello designará, entre eles, á persoa que exerza de Secretario.*

#### **Artigo 16.- O Presidente:**

*A Presidencia do Consello será o Alcalde do Ilmo. Concello de Sanxenxo, quen poderá delegar noutro membro da Corporación.*

*O Presidente do Consello de Administración, ou quen o substitúa, convocará as reunións do Consello, formulando a Orde do Día e dirixindo os debates no seo do mesmo.*

#### **Artigo 17.- Réxime de reunións:**

*O Consello celebrará sesión ordinaria, como mínimo, unha vez ao trimestre e, extraordinaria, sempre que a convoque o Presidente, ou o soliciten, cando menos, tres Conselleiros.*

*As sesións celebraranse no domicilio social, ou no lugar que acorde o propio Consello.*

*As convocatorias deberán conter a Orde do Día, realizándose as citacións por escrito e cunha antelación mínima de 48 horas, agás que se trate de sesións extraordinarias urxentes, nas que a convocatoria non quedará suxeita a prazo ningún.*

#### **Artigo 18.- Constitución e adopción de acordos:**

*Os acordos do Consello adoptaranse por maioría simple de votos dos conselleiros presentes ou representados, decidindo o do Presidente en caso de empate.*

*Para a adopción de acordos, será necesaria a asistencia, cando menos, de tres dos seus membros, presentes ou representados. Esta representación outorgarase por escrito, será especial para cada sesión e recaerá precisamente noutro membro do Consello.*

*No caso de que en primeira convocatoria non se conseguise a asistencia do número de membros sindicados, citarse para nova reunión non antes das vinte e catro horas seguintes.*

**Artigo 19.- Actas:**

*Os acordos faranse constar nun Libro de Actas, firmado polo Presidente e o Secretario e acreditaranse mediante certificacións expedidas por este último e visadas por aquel, ou no seu caso, polo Vicepresidente.*

**Artigo 20.- Son competencias do Consello:**

- a) A xestión superior da Sociedade.*
- b) O nomeamento e o ceseamento do Director-Xerente, fixando os dereitos e obrigas do seu cargo.*
- c) Aprobar o Cadro de persoal.*
- d) Autorizar toda clase de contratos, adquisicións e subministros con contía superior ao 5% do orzamento ordinario ou cando o seu prazo de duración sexa superior a un ano.*
- e) Propoñer á Xunta Xeral a aprobación do inventario, as contas anuais, o informe de xestión e a aplicación do resultado, no seu caso, conforme ao disposto nestes Estatutos.*
- f) Acordar sobre o exercicio e desistimento de accións xudiciais.*
- g) Velar pola observancia dos principios de actuación establecidos nestes Estatutos.*
- h) Aprobar o plan de actividades fixando os criterios básicos e as liñas xerais de actuación.*
- i) Aprobar as normas reguladoras de publicidade institucional e privada.*
- k) Aprobar o proxecto de orzamentos para a súa posterior elevación ao Concello Pleno para a súa aprobación e integración no xeral da Corporación.*
- l) Fixar a contía das dietas por asistencia ás reunións e das indemnizacións por gastos de estadía, manutención e desprazamento.*
- m) Celebrar contratos e convenios con entidades públicas ou privadas e con particulares.*

*n) A elección do Vicepresidente, quen substituirá ao Presidente na súa ausencia.*

*ñ) Aceptar donacións.*

*o) Tomar diñeiro a préstamo ou crédito, recoñecer débedas e créditos.*

*p) Dispor, seguir, abrir e cancelar contas e depósitos.*

*q) Nomear e separar empregados e representantes.*

*r) Comparecer ante Xulgados e Tribunais de calquera xurisdicción e ante toda clase de organismos públicos.*

*s) Cantas facultades de xestión, administración e disposición garden relación coas actividades que constitúen o obxecto social, sen mais excepcións que as que taxativamente reserven á Xunta Xeral de Accionistas a Lei ou os presentes Estatutos.*

#### **Artigo 21.- Facultades:**

*Son facultades do Presidente do Consello de Administración:*

*a) Convocar os Consellos.*

*b) Sinalar a Orde dos asuntos que se tratarán en cada reunión.*

*c) Presidir e dirixir as deliberacións e votacións decidindo os empates co seu voto de calidade.*

*d) Asinar os contratos aprobados polo Consello.*

*e) Actuar en nome do Consello levando a súa representación a toda clase de pleitos e procedementos e nos recursos xudiciais ou administrativos e outorgar os poderes necesarios a estas fins.*

*f) Preparar, en unión do Director-Xerente e do Secretario, as propostas, memorias, contas e inventarios que se sometan á aprobación do Consello, así como as liñas básicas e directrices de programación.*

*g) Propor e establecer convenios de colaboración con Entidades ou Organismos oficiais ou privados.*

*h) Velar polo cumprimento dos acordos do Consello de Administración.*

*i) Adoptar as medidas que procedan nos casos de urxencia dando conta logo ao Consello de Administración.*

*k) Ordear os pagos que se efectúen con fondos da entidade e autorizar os ingresos.*

l) Calquera outra función que nel delegue o Consello de Administración.

**Artigo. 22.- Responsabilidade dos Conselleiros/as:**

*Os Conselleiros/as desempeñarán os seus cargos coa dilixencia dun ordeado empresario e dun representante leal, e responderán fronte á Sociedade, ao Ilmo. Concello e aos acreedores do dano que causen por actos contrarios á Lei, aos Estatutos ou polos realizados sen a dilixencia coa que deben desempeñar o cargo. En calquera caso, estarán exentos de responsabilidade os administradores sempre que se cumpran as circunstancias previstas no parágrafo segundo do artigo 133 da vixente Lei de Sociedades Anónimas.”*

**TERCEIRA.-** Finalmente, en coherencia coa regulación proposta para o Consello de Administración e o Presidente do mesmo, propónse a modificación do art 24 dos Estatutos, que fai referencia ao nomeamento do Órgano de Dirección Persoal nos seguintes termos:

**Artigo 24. Nomeamento:**

*“Serán nomeados polo Consello de Administración e tamén por el cesados. Asumirá a xestión e dirección inmediata das actividades cotiás da sociedade, de conformidade coas directrices e ordes do Consello de Administración e da Xunta Xeral.”*

Xa que logo, **SOLICITAN**, que teña por presentado este escrito e por formuladas as precedentes alegacións, admitíndoo a trámite, e dictando resolución pola que se modifique, previos os trámites pertinentes, o contido dos Estatutos de ÍNSULA SANXENXO, EMPRESA MUNICIPAL DE VIVENDA E SOLO, SOCIEDADE LIMITADA, de acordo coas propostas realizadas nos termos expostos neste escrito.

Sanxenxo, 13 de xullo de 2006